



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO ESCOLAR 2016/17

ORDE do 27 de abril de 2016 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2016/17. DOG núm. 92, 16.05.2016

Centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos

- Fondo solidario de libros de texto: alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º, e 6º EP e en 1º e 3º ESO; cursos nos que, necesariamente, se manterán os libros de texto do curso 2015/16.
- Axudas para adquirir libros de texto: alumnado matriculado en 1º e 2º de EP, en 2º e 4º de ESO e en educación especial (EE); así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído na disposición adicional primeira da orde.
- Axudas para adquirir material escolar: alumnado matriculado en EP, ESO e EE.
- O alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no proxecto educación dixital (E-DIXGAL) no curso 2016/17 está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. Sen embargo, poderá solicitar a axuda para adquirir material escolar cando reúna os requisitos establecidos na orde.

Conforme á convocatoria do curso 2015/2016 e ás instrucións remitidas no seu momento, **TODOS os centros tiñan a obriga** de introducir na aplicación informática FondoLibros os libros dispoñibles cos que contara o centro (EXISTENCIAS: procedentes de devolucións ou doazóns de calquera tipo).

Por tanto, para que se poida garantir un correcto funcionamento do programa e evitar distorsións na xestión de fondo/axudas 2016/2017, é **imprescindible que os centros que non o fixeran no seu momento introduzan estes datos na aplicación.**

Os centros que no curso 2016/2017 non empreguen libros de texto nos cursos do Fondo (3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e 1º e 3º de educación secundaria obrigatoria) deberán indicalo a través da aplicación.



TRAMITACIÓN DAS AXUDAS / FONDO

	FONDOLIBROS	AXUDAS/LIBROS
Aplicación informática	https://www.edu.xunta.es/fondolibros/	https://www.edu.xunta.es/axudaslibros/
Recepción e gravación de solicitudes de Axudas de libros e material escolar e de Fondo de libros	Sempre en FONDOLIBROS (con información de XADE) 3º e 5º EP; 2º e 4º ESO	NON. Faise exclusivamente na aplicación FondoLibros 4º, 6º EP; 1º e 3º ESO
Recollida e gravación dos libros devoltos do curso 2015/2016	Sempre en FONDOLIBROS	NON
Validación	(cando estean correctamente cubertas, premer o botón de validación)	
Comprobación da renda	Sempre en FONDOLIBROS	NON
Admisión/exclusión	(realízase por consulta telemática nos arquivos da Axencia Tributaria sempre que o solicitante autorizara) Aparece en FONDOLIBROS unha vez comprobada a renda	NON
Emenda de erros de solicitudes de Axudas de libros e material escolar e de Fondo de libros	Sempre en FONDOLIBROS	NON
Xeración de listaxes provisionais e definitivas de reparto de libros do Fondo para publicación no centro (3º, 4º, 5º, e 6º de EP e 1º e 3º de ESO)	Sempre en FONDOLIBROS	NON
Gravación da entrega dos libros do Fondo (3º, 4º, 5º, e 6º de EP; 1º e 3º de ESO)	Sempre en FONDOLIBROS (permite xerar documento de entrega.)	NON
Gravación das adquisicións complementarias de libros (3º, 4º, 5º, e 6º de EP; 1º e 3º de ESO)	Sempre en FONDOLIBROS (deben gravarse os libros entregados a cada alumno/a)	NON
Xustificación das adquisicións complementarias de libros (3º, 4º, 5º, e 6º de EP; 1º e 3º de ESO)	Sempre en FONDOLIBROS (debe remitirse en papel á D.X. de Centros e Recursos Humanos)	NON
Xeración e entrega dos vales de libros de texto e material escolar (1º e 2º EP; 2º e 4º ESO, Educación Especial)	NON	Sempre en AXUDAS/LIBROS

Para unha maior información, existe un enlace na pantalla de inicio das aplicacións informáticas ao "Manual do Usuario"

RESUMIO DAS AXUDAS / FONDO

ENSINANZA/CURSO	Renda per capita familiar		Calquera renda per cápita							
	≤ 5.400€	> 5.400 e ≤ 9.000€	≤ 5.400€		Discapacidade ≥ 65%		Alumnado en garda ou tutela da Xunta		Educación especial	
	Libros de texto		Material	Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros de texto	Libros de texto	Material
1º e 2º EP	170€	90€	50€	250€	50€	170€	50€			
3º, 4º, 5º e 6º EP	Fondo: 6 libros	Fondo: 4 libros	50€	Fondo: 6 libros	50€	Fondo: 6 libros	50€			
2º e 4º ESO	180€	104€	50€	250€	50€	180€	50€	250€	50€	
1º e 3º ESO	Fondo: 6 libros	Fondo: 4 libros	50€	Fondo: 6 libros	50€	Fondo: 6 libros	50€			

- O número de libros procedentes do Fondo que se indican poderían incrementarse se houbera existencias suficientes no centro

- O alumnado cunha discapacidade ≥ 65 % en 3º, 4º, 5º e 6º EP ou 1º e 3º ESO que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario do centro, recibirá a axuda de adquisición de libros, e poderá adquirir libros doutros cursos ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición Adicional 1ª).

- No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, o centro docente poderá adoptar as medidas necesarias para que dispoña de material específico (adaptado ou elaborado polo centro), no suposto de que os libros de texto non se axusten ás súas necesidades educativas (Disposición adicional 2ª).



RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR

Renda per cápita da unidade familiar: renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2014 dividido entre o número de membros computables.

- Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2014, sumaranse a base imponible xeral (recadro 430) e a base imponible do aforro (recadro 445); cando non a presentase, sumaranse os ingresos netos obtidos durante o exercicio 2014, obtidos da correspondente certificación de imputación de rendas emitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

Membros computables da unidade familiar:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.



b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2014, agás no relativo á violencia de xénero que se aplicará o disposto na lexislación específica.



PRAZOS

	CENTROS	FAMILIAS	LIBRARÍAS
Alta de centros privados concertados como entidade colaboradora. Envío de anexo IV	Antes do 23.06.2016		
Presentación de solicitudes do alumnado de EP, ESO e EE no centro escolar		Desde 18.05.2016 ata 23.06.2016	
Presentación de solicitudes do alumnado que repita 4º ESO e que non solicitara no prazo anterior		Un mes desde a matrícula	
Presentación de solicitudes do alumnado trasladado desde centros de fóra de Galicia ou privados non concertados		Un mes desde a matrícula Ata 31.03.2017	
Devolución dos libros do curso 15/16		Ata 23.06.2016	
Devolución dos libros do curso 15/16 para alumnado da ESO con materias pendentes		Ata 07.09.2016	
Gravación dos libros devoltos na aplicacións informáticas	Ata 01.07.2016		
Gravación dos libros devoltos en setembro	Ata 12.09.2016		
FONDO LIBROS			
Gravación de solicitudes e emendas	Ata 11.07.2016		
Publicación de listaxes provisionais (*)	Ata 14.07.2016		
Reclamación sobre a listaxes provisionais		2 días seguintes á publicación das listaxes	
Gravación do resultado das reclamación	Ata 19.07.2016		
Publicación das listaxes definitivas (3º, 4º, 5º, 6º EP) (*)	Ata 22.07.2016		
Publicación listaxes definitivas (1º e 3º ESO) (*)	Ata 15.09.2016		
Xustificación da adquisición de libros complementarios	Ata 31.10.2016		
Xustificación da adquisición de libros complementarios de alumnado trasladado	Ata 17.04.2017		
Entrega dos libros ao alumnado (3º, 4º, 5º, 6º EP)	O día de publicación da listaxe definitiva ou o seguinte. Poderá pospoñerse ata o inicio de curso		
Entrega dos libros ao alumnado (1º e 3º ESO)	A partir do 15.09.2016		
AXUDAS DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR			
Emenda das solicitudes		10 días desde requirimento do centro	
Emenda dos vales		10 días desde que recibe o vale	
Uso dos vales nas librerías e demais establecementos		Ata 07.04.2017	
Presentación de talóns de cargo para o cobro			1º prazo: ata 12.12.2016 2º prazo: de 02.01.2017 ata 17.04.2017

(*) Para a xeración das listaxes provisionais e definitivas é imprescindible que as existencias estean correctamente gravadas e actualizadas.



DOCUMENTACIÓN

Para o alumnado de EP e ESO

Cando **autorice todas as consultas telemáticas:**

- **Membros computables da unidade familiar:** Copia do **libro de familia** onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31 de decembro de 2014, poderán acreditar o número de membros utilizando, por exemplo:
 - 1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
 - 2º. Certificado ou volante de convivencia.
 - 3º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
 - 4º. Certificado de defunción.

E de ser o caso:

- **Grao de discapacidade:** Certificado acreditativo do grao de discapacidade, se non fose emitido pola Xunta de Galicia.
- **Violencia de xénero:** Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- **Incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada:** Resolución xudicial.

Cando **non autorice ningunha consulta telemática:**

A documentación mencionada no apartado anterior e ademais:

- **Identidade:** DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar.
- **Renda familiar:** declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, a falta desta, certificado de imputación de rendas emitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria dos membros computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante correspondente ao exercicio 2014.

E de ser o caso:

- **Grao de discapacidade:** certificado emitido pola Xunta de Galicia ou resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social de recoñecemento dunha pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou resolución de recoñecemento dunha pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.



Para o alumnado de EE, con discapacidade \geq 65% ou en tutela ou garda da Xunta de Galicia

Cando autorice todas as consultas telemáticas:

Para o alumnado de educación especial ou con discapacidade \geq 65%, de ser o caso:

- **Grao de discapacidade:** Certificado acreditativo do grao de discapacidade, se non fose emitido pola Xunta de Galicia.

Para o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia:

- **Resolución administrativa ou xudicial xustificativa** do acollemento ou do certificado do centro de menores.

Cando non autorice ningunha consulta telemática:

A documentación mencionada no apartado anterior e ademais:

- **Identidade:** DNI ou NIE da persoa solicitante

Para o alumnado de educación especial ou con discapacidade \geq 65%, de ser o caso:

- **Grao de discapacidade:** certificado emitido pola Xunta de Galicia ou resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social de recoñecemento dunha pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou resolución de recoñecemento dunha pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro de 2014, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

A disposición adicional segunda da orde do 27 de abril de 2016 (referida ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo), establece que:

“ O centro docente poderá adoptar as medidas necesarias para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, poida dispoñer de material específico (adaptado ou elaborado polo centro), no suposto de que os libros de texto non se axusten ás súas necesidades educativas. De considerarse procedente, poderanse arbitrar outras medidas de reforzo, seguindo o procedemento que se determine”.

En consecuencia, infórmase o seguinte:

Naqueles casos nos que os libros de texto non se adapten ás necesidades educativas e non



poidan ser utilizados por este alumnado, o centro pode elaborar ou adaptar materiais específicos que precise. No suposto de que non conte con recursos necesarios para iso, excepcionalmente, a consellería poderá reforzar os recursos propios do centro, tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria, e seguindo os procedementos que, en cada caso, se sinalan:

Centros públicos:

- A xefatura do departamento de orientación do centro debe xustificar a imposibilidade de utilizar os libros de texto (e por tanto de participar na convocatoria de axudas ou no fondo solidario de libros de texto do curso 2016-2017) e acordar co profesorado titor e co resto do equipo docente o material que precisa o alumno/a.
- A relación do material debe estar suficientemente individualizada e referenciada e irá acompañada da valoración económica do seu custo.
- A solicitude, xunto coa copia do informe psicopedagóxico (no que consten as necesidades específicas do alumno/a e no que se xustificará a imposibilidade de utilizar os libros de texto do mesmo curso no que estea matriculado ou doutros cursos), deberá trasladarse ás correspondentes xefaturas territoriais por parte da dirección do centro.
- Nas xefaturas territoriais revisaranse e analizaranse os expedientes remitidos polos centros e logo de informe do equipo de orientación específica e da inspección educativa, darase traslado á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para a súa valoración.

Centros concertados:

- No caso dos centros privados concertados, axustaranse á convocatoria que regula o réxime de axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que se publica no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2016

O Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jose Manuel Pinal Rodríguez